



# EDMUNDO PAZ

## Hábitat

Do 26 de abril  
ao 27 de maio de 2018

.....

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



## Hábitat é pensar a paisaxe, é sentir a paisaxe, é soñar a paisaxe

Existe unha paisaxe en rotación sempre múltiple e diversa.

Existe unha paisaxe cromática que planea libre campo a través. Existe unha paisaxe oceánica, unha paisaxe trala paisaxe, unha paisaxe paseante por periferias, unha paisaxe de ficcións, unha paisaxe sen título, unha paisaxe indefinida, unha paisaxe entre liñas.

Hábitat é un sentimento de estar aí e seguir aí dando voltas e voltas á paisaxe, sempre a mesma e sempre cambiante, a paisaxe vital e nós con ela porque formamos parte dela como un gran corpo, como un gran ser que é a Pintura.

Edmundo Paz

# Palimpsesto líquido, emanacións, atmosferas

Antón Patiño

Existe un hábitat onde a cor fai o cerimonial do soño, propiciando diálogos en conversas insospeitadas. Acadando entrecruzamentos sensoriais nos eidos afastados. Emanacións, atmosferas, pegadas líquidas. Percorridos aleatorios onde nacen os seres-paisaxe, solidarios na respiración do ritmo. Presenzas simbólicas case encriptadas. Fluído ceibe dos pigmentos que avanza no ecoar das formas da auga. Protoformas amoreadas na procura de si mesmas. Abstracción como rito de pasaxe. Antroido da natureza fértil no rebumbio do encontro.

Cartografía dinámica de enerxías en marcha, suxestivo mapa de pulsións. Paisaxes anímicas onde escintilean luzadas acuáticas. Agroman estrías en claroscuro dende rechamantes outeiros oníricos, aqueloutrados horizontes vibran atomizados na mirada. Existe un esmigallado debuxo fuxidío debaixo do formigo cromático, na ebulición de contrastes complementarios. Leiras policromas onde chove arreo na memoria líquida dos lameiros enchoupados. Regatos sinuosos do inconsciente activo.

A superficie do papel absorbe a temperatura da cor. A respiración secreta do ritmo. Hai o recendo dun latexo táctil, os grafismos turbulentos, os achados inconscientes. Sempre vai o pintor líquido asexante á procura do factor sorpresa. O seu ideal é que o cadro medre só, avance a chimpos e con liberdade indómita. O artista é daquela testemuña silandeira, privilexiado observador primeiro dunha natureza fértil que prosegue o seu labor creativo nos obradoiros, nos sotos e nas bufardas onde seres solitarios conxuran o latexo do tempo.

A cor é un reloxo oceánico que asolaga todo co seu ímpeto. Hai socalcos e marés, riba da superficie vibra un mundo novo. Pola xanela (riba da cabeza) está o exterior. O ceo, as nubes, as árbores, as casiñas dos veciños, a ría, o río, a ponte...todo coa escala dun cativo universo, solidario microcosmos libre dos sentidos. Asomamos a cabeza e recibimos osíxeno do aire puro. O azul do vento e da néboa. As paisaxes líquidas agardando polo solpor.

Bule na testa do artista un mundo de formas entrelazas, figuran que están a casar coma nun quebracabezas. Non hai distancia, un corpo a corpo onde o interior e mais o seu reverso son un espazo continuo. Todo vai á procura do solapamento, híbridos cromáticos polimerizados, contaminación de vermellos e azuis. Unha algarabía multiforme onde as texturas visuais son ritmos en itinerarios de sendeiros que son montañas (que son figuras) siluetas humanas no entretecido vexetal.

Hai un urdido trepidante, todo ten que se mover abaneado pola inscrición a xeito de arrautada que axita, varre con forza a superficie enteira. Un vento calígrafo fai rebuldeiras crepitacións líricas. Os elementos establecen unha metamorfose multiforme. Toda a pluralidade do mundo é convocada en cada anaco da materia. Horror vacui onde un artista chamado Edmundo Paz vai acadar cotas de ledicia cromática nunha vibrante xestualidade aberta.

# A percepción sinestésica na pintura de Edmundo Paz

Fátima Otero

"As pinturas fan o que elas queren"  
Gerhard Richter

Esta cita de Richter relativa a deixar a pintura en mans do azar serve para introducir a produción actual na que se embarca Edmundo Paz, obras nas que deixa ao albur da pintura a resolución final da obra. Porque xa sexa dun leve xesto manual ou do mero fluír pictórico sobre o lenzo ou o papel, son máis que suficientes para xerar unha cascada de policromía convertida en paisaxe interior.

A Casa das Artes de Vigo revisa as etapas creativas polas que atravesou a súa carreira artística iniciada a finais dos anos 80 ata hoxe, unha dilatada traxectoria que sempre tivo a paisaxe como referencia; non en balde a mostra leva por título "Hábitat" porque alude tanto á paisaxe humana suxeita á experiencia vital e ao desengano como á natural.

Iso é o que nos suxiren as súas pinturas abstractas nas que vagamente albiscamos agrupacións de xente falando, rostros intercambiando confidencias, encontros para a convivencia ou recordos de paraxes naturais que recordan a contorna de Arcade, fermosa paraxe que habita Edmundo Paz.

Recordos do lugar, memoria da paisaxe ou das súas xentes convertida en pura abstracción, en causa de sorpresa mesmo para o propio autor cando este decide deixar actuar máis á imprevisibilidade da propia materia dúctil e maleable dunha pintura hoxe máis augada ca nunca para que o resultado final sexa máis intuitivo ca racional.

Usamos a metáfora da cebola como analoxía de desfacer algo, coma se desfacer o propio ego equivalese a pelar unha cebola. É o que fixo Edmundo Paz no seu traballo máis recente no que se quedou co núcleo auténtico, o inicial no que se coce no crisol do lenzo ou o papel todo o fervor virxinal do proceso creativo.

Como sinalaba Jean Dubuffet, "Non hai un núcleo distinto das cascas; hai cascas que se recobren unhas a outras, ata o corazón mesmo está feito de cascas, nel maniféstanse os condicionamentos, afectacións e disimulos e preguntámosnos entón onde está o auténtico".

Edmundo Paz loce testa totalmente rapada, como o raspado ao que someteu á súa obra, porque na actualidade chegou á cortiza do lenzo nun proceso paralelo ao espido da súa propia personalidade. Quitar esas cascas á cebola foi como desvestirse; por iso, a obra de hoxe dista substancialmente daquela pero non sen saber que si non existise o anterior non derivaría no actual.

No presente, as súas series non rompen en ningún modo co anterior senón como unha evolución continua na que calquera tipo de estrutura parcelaria queda abolida en beneficio só de vibracións, ritmos, ondulacións

intermitentes, estratos horizontais, insinuosidades capaces de conmocionar a todo o noso corpo. Pinceladas lixeiras que parecen voar á vez que transmitir percepcións sinestésicas co poder de activar todos os sentidos do espectador.

É agora cando o talento de Edmundo tórnase máis volcánico, máis fogoso porque remite máis á experiencia dun magma orgásmico, primixenio, fecundo como os remuíños mariños ou o caudal dun potente manancial. Agora o vermello cadmio, amarelo pastel, verde veronés, as nutricias cores bulen nun magma esbrancuxado ou levemente carnal polas gamas rosadas, esponxosas e acuosas, ao caer nesa especie de xarope cremoso ou caldo artístico tropical que nos convida a degustar. O autor serve densos grolos de cálidas gamas que habitan en mutuo entendemento e están vencelladas á pintura all-over ( por toda a superficie) típica dos expresionistas abstractos.

Estes salpicados a modo de densos drippings mostrounos en etapas afastadas. As "Pinturas para Andrea" remiten como a cromos, especie de pezas de quebracabezas pululando nos seus contórneos oblongos e orgánicos e xogando a compoñerse ou separarse. Obedecían a obsesións telúricas en forma de vertebrados, de signos narradores dun ciclo vital, como anacos de memoria, recordo ou éxtases emocional de momentos tan importantes como foron a chegada da súa filla á vida do creador.

Quitar cascas de cebola é desposuírse de vellos ritmos, antigas filigranas ou contornos máis remarcados que viamos en "Punto de vista". Lenzos esgrafiados con signos semiabstractos que delataban tanto o seu temperan interese pola arte etnográfica como polo vocabulario de Mark Tobey e a súa escritura branca. Co simple barrado e o esvarar dos seus dedos sobre o maleable papel podían xurdir elegantes contornados de pinceladas xigantes abarcando verticalmente o lenzo para sutilmente suxerir contornos humanos, demostrando que o suxerido é máis sutil e pracenteiro que o amosar.

O artista desde sempre practicou unha pintura espontánea e foi "Paso a paso". Así titulaba obras contra 2008 traballando "A campo aberto" cando araba o lenzo como o agricultor labra a súa paisaxe natural, sementábo dos seus habituais meandros ou rastrexados pictóricos. Labrou sucos na terra, debuxou espirais similares a remuíños que forma a auga ou recordando os trazos deixados por un pau na area.

Ensinounos "Un lugar concreto" identificado só a través do título o resto do lenzo só é pincelada arrastrada, xeometrismo rigoroso para aludir se cadra á presenza humana na paisaxe para facela máis humana e habitable. "Cambio de ritmo" era outro lenzo que nos anunciaba o que hoxe se aveciñaba.

Dun proceso totalmente intuitivo na década dos anos 90 xurdían trazos debuxados sobre campos de cor "Sen pensar para nada" traballados por zonas a modo de parcelas con formas biomórficas deslizándose pola contorna ao que achegaban calor e percorrido corpóreo.

As últimas series son testemuño da súa continuidade, de non dar tombos no tempo; en todo caso, de embriagar o/a espectador/a con altas vibracións sinestésicas que fan sentir a poesía, música, cheiro e ata sabor dunha pintura suscitada como posición intelectual. No traballo de Edmundo Paz non hai lugar para modas nin para seguir a tendencia dos fenómenos sociolóxicos senón que atende a unha demanda interior relativa exclusivamente á creación artística.





## Bruma matutina

Acrílico / papel 64x85 cm  
2017



Sen título

Acrílico / papel 66x77 cm  
2017





## A través do aire

Acrílico / papel 57x89 cm  
2017





**Orbital**


Acrílico / papel 62x79cm  
2017



## Sen título

Acrílico / papel 53x59 cm  
2017





**Ao redor do sol**  
Acrílico / papel 63x63 cm  
2017





## Suave brisa

Acrílico / papel 61x64 cm  
2017



**Climax**  
Acrílico / papel 45x52 cm  
2017





## Nexus

Acrílico / papel 66x96 cm  
2018






**Sen título**  
Acrílico / papel 66x96 cm  
2018



## Entreacto

Acrílico / papel 83x136 cm  
2018





**Tralas nubes**  
Acrílico / papel 45x54 cm  
2018



## EDMUNDO PAZ

Brasilia, 1961

### EXPOSICIÓN INDIVIDUAIS

2018 Hábitat, Casa das Artes, Vigo. 2015 Mostrarte, Alcaldía do Concello de Vigo. 2014 Sala Edificio Xunta de Galicia, Pontevedra. 2012 Recreacións, Sala Rivas Briones, Vilagarcía. 2010 Contrapunto, Museo Municipal de Lalín. 2008 Espazo Reservado, Centro Cultural Deputación de Ourense. 2007 Carreiros de Luz, galería Árvore, Porto-Portugal. 2007 Parque de abstracciones, Auditorio de Vilagarcía. 2006 Diálogos en singular, Fototeca da Habana, Cuba. 2005 Soños periféricos, Centro Social Caixanova, Vigo. 2003 Casa de Galicia, Madrid. Metáfora, galería Proyecto, Vila Nova de Cerveira-Portugal. 2001 Entre Liñas, Galería Eme-c, Santiago de Compostela. Impulsos, galería OM, Peñafiel-Portugal. 2000 Microclima, galería Alvarez, Porto-Portugal. Secuencias, Castelo de Soutomaior, Deputación de Pontevedra. 1999 Pinturas para Andrea, Sala de Arte Caixavigo, Vigo. 1998 Principio Activo, Centro Cultural Paredes de Coura-Portugal.

### EXPOSICIÓN COLECTIVAS

2007 Identidades, 3º Encontro Internacional de Artes Independentes, Galicia-Michoacán (México). XIV Bienal de Cerveira-Portugal. II Premio de Pintura Rivas Briones, Vilagarcía. Intramuros, Convento de Teguiise, Lanzarote. 2006 XI Arte no Morrazo, Auditorio Municipal de Cangas. III Premio Conxemar, Centro Social Caixanova, Vigo. 2005 Diálogos, Galería Chroma, Vigo. 2004 Feira de ARCO, Posto/caseta Unión Fenosa, Madrid. V Salón de Outono de Pintura, Fundación Caixa Galicia, A Coruña. 2003 Camiños e Camiñantes, Casa de Galicia, Lisboa-Portugal. VIN Bienal Pintor Laxeiro, Museo de Lalín. ARTVG, Mostra de artistas galegos, Televisión de Galicia, Santiago de Compostela. XII Bienal de Cerveira, Portugal. VIII Bienal de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, A Coruña (itinerante). 2001 Entre Mar e Terra, galería dúas Coímbbras, Braga- Portugal. Novos Valores, Deputación de Pontevedra. DEARTE, Feira de Galerías Españolas, Palacio de Cristal, Madrid. IX Certame de Artes Plásticas, Cidade de Lugo. XI Bienal de Cerveira, Portugal. VII Bienal de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, A Coruña (itinerante). 2000 III Salón de Outono de Pintura, Real Academia Galega de Belas Artes, A Coruña. Novos Valores, Deputación de Pontevedra. 1999 III Premio de Pintura, Eixo Atlántico (itinerante Galicia-Norte de Portugal). X Bienal de Cerveira, Portugal. 1998 Novos Valores Deputación de Pontevedra. XV Certame de Pintura, Concello de Cambre, A Coruña.

## PREMIOS E TALLERES

2012 Taller Picasso de Pintura co artista Carlos León. Museo MACUF. A Coruña.  
Curso A produción artística e cultural desde 1968 ata a actualidade, dirixido por Juan de Neves. Museo do Marco. Vigo.  
2011 V Atopo Arte e Natureza co artista Miguel Anxo Branco. Camelle.  
2010 Taller de Pintura coa artista Almudena Fernández. Museo do MARCO. Vigo.  
2009 Taller Picasso de Fotografía coa artista Rosa Muñoz. Museo MACUF. A Coruña.  
2008 Taller de Fotografía co artista Ricky Dávila. Museo MACUF. A Coruña.  
2004 Taller Picasso de Pintura, coa artista Soidade Sevilla. Museo MACUF. A Coruña.  
2003 Premio-adquisición VIN Bienal Pintor Laxeiro. Premio-adquisición VIII Bienal de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo.  
2002 Taller Picasso de Pintura co artista Modest Cuixart. Museo MACUF. A Coruña.  
2001 Premio-adquisición VII Bienal de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo.  
2000 Taller Picasso de Pintura co artista Mitsuo Miura. Museo MACUF. A Coruña.  
IX Beca de Pintura Valdearte. Ourense.  
1999 1º Premio de Pintura Eixo Atlántico.  
1997 Premio- adquisición III Bienal Pintor Laxeiro.

## OBRAS EN COLECCIÓN

Museo Municipal de Lalín. Fundación Eugenio Granell, Santiago de Compostela. Bienal de Cerveira-Portugal. Colección Eixo Atlántico. Colección Caixanova. Concello de Vigo. Deputación de Pontevedra. Concello de Vilagarcía. Deputación da Coruña. Museo MACUF, A Coruña. Deputación de Ourense. Colección Andante.

Textos: Fátima Otero, Antón Patiño e Edmundo Paz  
Fotografía: Edmundo Paz

.....

### Casa das Artes

Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 26 de abril ao 27 de maio de 2018

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.

